



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello
DATA: 25 de abril de 2011
HORA DE COMEZO: 20:15 horas
HORA DE REMATE: 22:45 horas.

ASISTENTES:

D. Adolfo Gacio Vázquez
D^a. Adela Redondo Rendo
D. Manuel Mouriño Varela
D. Jesús Sanjuás Mera
D. Jesús J. Santasmarinas Devesa
D. José M^a Fernández Vázquez
D^a. Dolores García Couto
D. José Antonio Becerra Rodríguez
D. José Viaño Rey
D. Perfecto Barcala Mosquera
D. Juan Neira Moure

AUSENTES:

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Adolfo Gacio Vázquez, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior.**
- 2. Recoñecemento extraxudicial de crédito**
- 3. Ordenanza reguladora do procedemento de control do exercicio de actividades e servizos suxeitos á comunicación previa ou declaración responsable.**
- 4. Dar conta do informe do cumprimento de estabilidade presupostaria da liquidación presupostaria 2010.**
- 5. Presuposto xeral municipal 2011 e informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria.**
- 6. Nomeamento dos membros das mesas electorais.**

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior.

Cos votos a favor de todos os presentes apróbase a acta da sesión celebrada o día 9 de marzo de 2011.

2. Recoñecemento extraxudicial de crédito

Sen mais procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do P.P e en contra dos do P.S.de G acórdase, aprobar e aboar con cargo ao presuposto xeral municipal do 2011, as seguintes facturas:

Nº factura	Cups	Importe	DIRECCION DO SUMINISTRO	Data emisión	Data facturación
1CSN101200073457	ES0111000009313192AA0F	320,81	Lugar Villa la Paz - Oural	17/12/2010	28/10/09 a 31/12/09
1CSN101200073458	ES0111000009313192AA0F	235,71	Lugar Villa la Paz - Oural	17/12/2010	01/01/10 a 28/02/10
1CSN101200073459	ES0111000009313192AA0F	197,37	Lugar Villa la Paz - Oural	17/12/2010	01/03/10 a 30/04/10
1CSN101200073460	ES0111000009313192AA0F	158,48	Lugar Villa la Paz - Oural	17/12/2010	01/05/10 a 30/06/10
1CSN101200073461	ES0111000009313192AA0F	142,20	Lugar Villa la Paz - Oural	17/12/2010	01/07/10 a 30/08/10
1CSN101200073462	ES0111000009313192AA0F	210,93	Lugar Villa la Paz - Oural	17/12/2010	31/08/10 a 31/10/10
1CSN101200100910	ES0111000009313067CQ0F	357,64	Alum. Púb. Banco G. Camporrapado	30/12/2010	01/01/10 a 28/02/10
1CSN101200100911	ES0111000009313067CQ0F	271,39	Alum. Púb. Banco G. Camporrapado	30/12/2010	01/03/10 a 29/04/10
1CSN101200100912	ES0111000009313067CQ0F	212,50	Alum. Púb. Banco G. Camporrapado	30/12/2010	30/04/10 a 23/06/10
1CSN101200100913	ES0111000009313067CQ0F	201,06	Alum. Púb. Banco G. Camporrapado	30/12/2010	24/06/10 a 27/08/10
1CSN101200100914	ES0111000009313067CQ0F	271,44	Alum. Púb. Banco G. Camporrapado	30/12/2010	28/08/10 a 31/10/10
1CSN110200091794	ES0221000001005037PG0F	440,49	Depuradora de Noente	24/02/2010	18/09/10 a 30/12/10
1CSN091100179698	ES0111000009313064CJ0F	54,47	Lugar Devesa, S/N	20/11/2009	01/07/09 a 26/08/09
1CSN091200100516	ES0111000009313064CJ0F	39,36	Lugar Devesa, S/N	15/12/2009	27/08/09 a 28/10/09
1CSN100200052555	ES0111000009313064CJ0F	28,59	Lugar Devesa, S/N	11/02/2010	29/10/09 a 31/12/09
1CSN100300171567	ES0111000009313064CJ0F	31,22	Lugar Devesa, S/N	17/03/2010	01/01/10 a 28/02/10
1CSN100500266188	ES0111000009313064CJ0F	29,35	Lugar Devesa, S/N	18/05/2010	01/03/10 a 30/04/10
TOTAL		3203,01			

3. Ordenanza reguladora do procedemento de control do exercicio de actividades e servizos suxeitos á comunicación previa ou declaración responsable.

Sen mais procédese coa votación e cos votos a favos de todos os presentes acórdase:

1) Aprobar a “ Ordenanza reguladora do procedemento de control do exercicio de actividades ou servizos suxeitos á comunicación previa ou declaración responsable do concello de Boqueixón”.

Artigo 1.- Obxecto.

1.- A presente Ordenanza ten por obxecto establecer as regras xerais para a aplicación da lei 17 /2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio no concello de Boqueixón, para facilitar a liberdade de establecemento dos prestadores e a libre prestación dos servizos, simplificando os procedementos e fomentando, ao mesmo tempo, un nivel elevado de calidade nos servizos. Así mesmo, é de aplicación a normativa autonómica constituída pola lei 7/ 2009 de 22 de decembro, de modificación da lei 10/ 1988 de 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia e a lei 13/ 2010, de 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

1.- Esta Ordenanza se aplica aos procedementos e trámites municipais necesarios para o establecemento de servizos que se realizan a cambio dunha contraprestación económica e que son ofrecidos ou prestados no termo municipal de Boqueixón.

2.- Quedan exceptuados do ámbito desta Ordenanza, ademais das materias establecidas no artigo 2.2 da lei 17 / 2009, as seguintes:

- a) os servizos non económicos de interese xeral.
- b) As actividades que impliquen o uso ou ocupación de dominio público, ben pola utilización privativa, ben polo aproveitamento especial, que en todo caso quedarán condicionadas á obtención da licenza ou concesión administrativa nos termos da lexislación sobre patrimonio das Administracións públicas.
- c) Os servizos financeiros.
- d) Os servizos e redes de comunicacións electrónicas, así como os recursos e servizos asociados no que se refire ás materias que se rexen pola lexislación sobre comunicacións electrónicas.
- e) Os servizos no ámbito do transporte .
- f) Os servizos das empresas de traballo temporal.
- g) Os servizos sanitarios, incluídos os servizos farmacéuticos, prestados por profesionais da saúde aos seus pacientes co obxecto de avaliar, manter ou restaurar o seu estado de saúde, cando estas actividades están reservadas a profesionais sanitarios reguladas.
- h) As actividades de xogo, incluídas as loterías, que impliquen apostas de valor monetario.
- i) As actividades que supoñan o exercicio de autoridade pública.
- j) Os servizos sociais relativos á vivenda social, atención á infancia e apoio a familias e persoas temporal ou permanentemente necesitadas, provistos directamente polas administracións públicas ou por prestadores privados na medida en que ditos servizos se presten en virtude de acordo, concerto ou convenio coa referida administración.
- k) Os servizos de seguridade privada.

Artigo 3.- Definicións

1.- Aos efectos desta Ordenanza enténdese por :

1) «Servizo»: calquera actividade económica por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración, contemplada no artigo 50 do Tratado da Comunidade Europea.

2) «Servizo non económico de interese xeral»: Servizo local fundamentalmente financiado con cargo aos presupostos da corporación e no cal as contraprestacións eventualmente satisfeitas polos cidadáns non sexan previstas como remuneración a efectos de cubrir integramente os gastos do mesmo.

3) «Destinatario»: Calquera persoa física ou xurídica, que utilice ou desexe utilizar un servizo.

4) «Prestador»: Calquera persoa física con nacionalidade en calquera estado membro ou residente legal en España, ou calquera persoa xurídica ou entidade constituída de conformidade coa lexislación dun Estado membro, cuxa sede social ou centro de actividade principal se atope dentro da Unión Europea, que ofrezca ou preste un servizo.

5) «Establecemento»: O acceso a unha actividade económica non asalariada e o seu exercicio.

6) «Establecemento físico»: Calquera infraestrutura estable a partir da cal se leva a cabo efectivamente unha prestación de servizos.

7) «Autorización» ou «licenza»: calquera acto expreso ou tácito da autoridade competente do Concello que se esixa, con carácter previo, para o acceso a unha actividade de servizos ou o seu exercicio.

8) «Declaración responsable»: o documento subscrito por un interesado no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante a vixencia da actividade e a facilitar a información necesaria á autoridade competente para o control da actividade.

3) «Comunicación previa»: o documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración Pública competente os seus datos identificativos e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, de acordo co establecido no artigo 70.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

2.- As licenzas, declaracións responsables ou comunicacións previas recibirán o nome de “urbanísticas” cando teñan por obxecto actos de edificación ou uso do solo, e “de actividade” cando incidan no exercicio de actividades ou prestación de servizos

Artigo 4.- Réxime de licenza de apertura ou actividade, de declaración responsable e de comunicación previa.

1.- Se integran no réxime de licenza todas aquelas actividades suxeitas ó trámite de incidencia, efecto ou impacto ambientais ou ó informe da Consellería de Sanidade.

2.- As actuacións non suxeitas ao réxime de licenza previa se atopan sometidas, segundo os casos, ao réxime de declaración responsable e/ou de comunicación previa nos termos previstos nesta Ordenanza

Artigo 5.- Actuacións sen encaixe nos supostos de licenza, declaración responsable ou comunicación

1.- Para o exercicio de actividades os interesados terán que axustarse ao réxime de licenza, declaración responsable ou comunicación previa nos termos dispostos nesta ordenanza.

2.- Cando algunha das actuacións que se pretendan levar a cabo non tiveran encaixe específico nalgún dos supostos establecidos nesta Ordenanza, se asimilará coa que presente maior coincidencia, aplicándolle en consecuencia o mesmo réxime.

Artigo 6.- Erro na calificación do escrito presentado

1.- O erro en que poida incurrir o interesado á hora de asignar a obra ou actividade que pretende levar a cabo nalgún dos réximes de licenza, declaración responsable ou comunicación previa non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que do seu contido se deduza o seu verdadeiro carácter. En tal caso, o Concello ditará resolución dándolle ao escrito en cuestión o carácter que lle corresponda, o que se notificará ao interesado con expresión dos efectos derivados de tal circunstancia e da documentación que no seu caso sexa precisa para continuar a súa tramitación.

En relación cos efectos sobre o cambio de réxime indicárase ao interesado o seguinte:

a) cando o interesado tivera notificado ao Concello unha declaración responsable ou comunicación previa sendo o réxime apropiado o de licenza, se lle advertirá de que non poderá executar a obra ou desenvolver a actividade pretendida ata que a obteña e se a tiver iniciado se lle requirirá para que proceda ao inmediato cese das mesmas con tódalas advertencias propias de supostos de reposición á legalidade infrinxida.

b) cando o interesado tivera solicitado ao Concello unha licenza ou comunicación previa sendo o réxime apropiado o de declaración responsable, se lle sinalará que deberá presentar o documento no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio nos termos esixidos na Ordenanza para a acción pretendida, e, ademais, que non poderá executar a obra ou desenvolver a actividade pretendida ata que presente a mencionada documentación, coas advertencias sinaladas

Artigo 7.- Efectos das licenzas, declaracións responsables ou comunicacións previas

1.- O outorgamento de licenza ou a presentación de declaracións responsables ou comunicacións previas producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

2.- As licenzas entenderanse outorgadas deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Idénticos efectos producirá a presentación de declaracións responsables ou comunicacións previas

3.- En ningún caso entenderanse adquiridos por estos procedementos dereitos en contra da lexislación ou planeamento urbanístico ou doutra normativa que resulte de aplicación á actividade.

Artigo 8.- Transmisión de licenzas, declaracións responsables ou comunicacións previas

1.-As licenzas, así como os dereitos derivados das declaracións responsables ou comunicacións previas relativos ás condicións dunha instalación ou servizo, serán transmisibles se ben, para que opere o cambio de titularidade, será preciso que se acredite ante o Concello que a transmisión se produciu por calquera dos medios admitidos en Dereito, facendo expresa referencia á licenza, declaración responsable ou comunicación previa cuxo obxecto se transmitira

2.- O Concello tomará razón do feito da transmisión da que dará conta aos propios interesados.

3.- Unha vez producida a transmisión, o novo titular se subrogará nos dereitos, obrigas e responsabilidades que o anterior titular tiña recoñecidos na licenza concedida ou nos termos contidos na declaración responsable ou comunicación previa debidamente cumprimentada.

4.- Non obstante o anterior, se a transmisión da licenza se producise sen que o anterior e o novo titular o comunicaran o Concello, ambos quedarán suxeitos a tódalas responsabilidades e obrigas derivadas do incumprimento de dita obriga.

5.- A inexactitude ou falsidade na comunicación de calquera dato, manifestación ou documento, determinará a imposibilidade de continuar no exercicio do dereito de que se trate.

Artigo 9.- Supostos de simultaneidade de obras e actividades

Nos casos en que unha das actuacións pretendidas se encontrase sometida ao réxime de licenza e a outra ao réxime de comunicación previa ou ben cando ambas actuacións estivesen suxeitas ao mesmo réxime actuarase do seguinte xeito:

a) Cando a actividade pretendida estivese sometida ao réxime de licenza, deberase obter esta con anterioridade, ou polo menos simultaneamente, antes de dar inicio á execución das obras

b) Con carácter xeral, tódalas actividades que para a súa implantación precisen da previa realización de obras que requiran de licenza (a licenza de actividade e a de obras) tramitaranse simultaneamente en expedientes independentes e concederanse conxuntamente segundo o artigo 196.2 da Lei 9/2002, LOUGA).

Artigo 10.- Declaración de primeira utilización ou de posta en funcionamento da actividade

1.- Nas licenzas urbanísticas, unha vez finalizadas as obras, a primeira utilización das edificacións esixirá a presentación dunha declaración responsable por parte do seu titular á que se unirá declaración subscripta por técnico competente que certifique o final de obra e que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

O Rexistro Xeral de Entrada remitirá a documentación presentada ao Departamento de Urbanismo para a súa tramitación.

2.- Os Servizos Técnicos Municipais efectuarán as inspeccións que procedan e na emisión de informes pronunciaranse sobre:

a) Adecuación das obras executadas ao proxecto amparado pola licenza de obras e no seu caso, as modificacións desta aprobadas ou susceptibles de ser aprobadas.

b) Comprobación de que as obras de urbanización, poidan ser recibidas, se a licenza de obras concedeuse condicionada á execución simultánea das obras de urbanización, ou de adaptación do solo urbano á condición de solar.

c) Comprobación que formalizou en escritura pública a cesión de viais.

Artigo 11.- Obxecto e efectos da presentación da declaración responsable ou comunicación previa.

1.- Nos termos legalmente establecidos, a declaración responsable ou a comunicación previa é a notificación que presenta un interesado ante a Administración municipal, á que debe unirse a documentación esixida en cada caso, en virtude da cal pon no seu coñecemento o exercicio do seu dereito preexistente para desempeñar determinadas actividades ou servizos

2.- Con carácter xeral, a presentación da declaración responsable ou comunicación previa conforma un acto administrativo implícito que permite á Administración coñecer a existencia do exercicio dos dereitos a que se refire o parágrafo anterior, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección atribuídas ao Concello.

3.- O exercicio de ditos dereitos atópase supeditado á presentación no Rexistro Xeral do Concello da correspondente documentación segundo o tipo de actividade de que se trate.

4.- Non obstante a declaración responsable ou a comunicación previa non surtirán efectos:

a) cando non tivera entrada no Rexistro do Concello documentación de carácter esencial esixida en cada caso.

b) cando o contido das actuacións notificadas ao Concello non tiveran encaixe nos supostos previstos para a declaración responsable ou para a comunicación previa.

c) cando para o desenvolvemento da actividade fora preceptivo informe ou autorización previa doutros organismos públicos.

d) cando a actuación efectivamente desenvolvida polo interesado non se axuste ao declarado ou comunicado.

5.- A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore á declaración responsable ou comunicación previa, ou a súa non presentación ante a Administración determinará a imposibilidade de iniciar ou de continuar co exercicio do dereito a desempeñar a actividade manifestada, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Artigo 12.- Alcance do control da declaración responsable ou comunicación previa

1.- Nos supostos de actuacións sometidas ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa, a intervención municipal no exame da documentación se circunscribirá á comprobación da integridade formal da notificación efectuada ao Concello, e a suficiencia legal do proxecto técnico, memoria ou calquera outra documentación esixible para prestar a actividade, así como a verificar a súa conformidade coa adecuación da mesma ás ordenanzas municipais, a legalidade urbanística, á normativa de seguridade, sanitaria, ambiental e aquelas outras que resulten esixibles, valorando no seu caso as medidas correctoras propostas e o seu grao de eficacia, nos mesmos termos e co mesmo alcance que os establecidos para a licenza.

Artigo 13.- Obrigas do titular en relación coa execución de obras ou exercicio de actividades sometidas a declaración responsable e/ou a comunicación previa

Á terminación das obras ou trala implantación das instalacións, o seu titular virá obrigado, nos termos que se especifican nesta ordenanza, a presentar declaración responsable de primeira utilización (actuacións urbanísticas) ou comunicación previa, no seu caso, xustificativa de que as obras executadas ou instalacións implantadas se axustan ao proxecto ou memoria presentado, a partir de cuxo momento estará en condicións de darlle o uso previsto ou a iniciar a actividade de que se trate.

Artigo 14.- Presentación da declaración responsable ou comunicación previa.

1.- Nos casos que esta Ordenanza someta o exercicio de actividade ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa, os interesados deberán presentar o correspondente escrito no que describirán as actuacións que pretendan levar a cabo.

2.- A ditos escritos se acompañará:

- A documentación esixida en cada caso.
- Un exemplar do proxecto subscrito polo técnico competente (ou no seu caso Memoria).
- Data de inicio da actividade declarada.
- A formulación de declaración responsable e comunicación previa está suxeita ao pago das taxas establecidas na ordenanza fiscal correspondente. O seu ingreso deberá efectuarse xunto coa solicitude.

3.- O interesado só poderá dar comezo ao exercicio da actividade unha vez presentada a declaración responsable e/ou a comunicación previa coa documentación completa nos termos establecidos nesta Ordenanza

Artigo 15.- Subsanación de deficiencias e mellora da solicitude

1.- Se os servizos municipais detectaran omisións, deficiencias ou imprecisións ben na declaración responsable e/ou comunicación previa, ben na documentación aportada que impedira o exercicio do dereito, se requirirá ao interesado para que no prazo mínimo de 10 días as complete, emende ou aclare, coa indicación de que, namentres, queda suspendida a execución das obras, montaxe das instalacións ou o uso anunciado. Se lle advertirá ademais que no caso de incumprimento ou defectuoso acatamento do requirimento se ditará resolución nos termos contidos no parágrafo 4 deste artigo.

2.- O interesado poderá solicitar ampliación do prazo se no termo concedido non puideren emendar a deficiencia. A denegación da ampliación de prazo será motivada.

3.- Cumprimentado polo interesado o requirimento de subsanación e mellora de solicitude, alzarase a suspensión decretada.

4.- Se o interesado non cumprimentara o requirimento, se ditará resolución declarando sen efecto o exercicio do dereito á utilización ou exercicio da actividade declaradas ou comunicadas e, no seu caso, se impondrá ao interesado a obriga de restituír a situación alterada ao momento anterior á declaración ou comunicación presentada.

Artigo 16.- Modificacións ao proxecto presentado

Se o interesado introducise variacións significativas respecto ás actividades contidas no proxecto ou memoria presentadas coa declaración responsable ou comunicación previa, virá obrigado a presentar unha nova declaración ou comunicación con aportación, segundo os casos, dun novo proxecto (ou memoria) que substitúa integramente ao anterior ou un proxecto (ou memoria) complementario.

Artigo 17.- Prazos para iniciar a execución das actividades nos casos de declaración responsable ou comunicación previa

1.- O prazo para dar inicio á utilización, uso ou actividade sometidos ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa será o establecido na respectiva declaración responsable ou comunicación previa.

2.- Non obstante este prazo non poderá superar os seis meses no caso de que as actuacións se atopen sometidas ao réxime de declaración responsable, ou no de tres meses se estiveren suxeitas ao de comunicación previa

Artigo 18.- Prazos para implantar a actividade nos casos de declaración responsable ou comunicación previa

Sen prexuízo das prórrogas que se houberen concedido, o prazo para finalizar as instalacións da actividade sometida ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa será o establecido na respectiva declaración responsable ou comunicación previa.

Artigo 19.- Prórroga na implantación de actividades sometidas a declaración responsable ou comunicación previa

1.- Os prazos establecidos na declaración responsable ou comunicación previa para a implantación de actividades poderán prorrogarse a instancia do titular e con anterioridade á conclusión dos prazos expresamente establecidos naquelas.

2.- En calquera caso, a prórroga só se entenderá concedida por unha soa vez e por un prazo que non sexa superior ao inicialmente fixado no correspondente escrito.

Artigo 20.- Extinción e caducidade das declaracións responsables ou comunicacións previas

1.- Os dereitos derivados de declaracións responsables ou comunicacións previas se extinguirán polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas.

2.- Os dereitos derivados de declaracións responsables ou comunicacións previas poderán declararse caducados, salvo causa non imputable ó seu titular, cando non se iniciara a actividade nos tres meses seguintes á finalización das obras ou implantación das instalacións

3.- En todo caso, a caducidade das actuacións declaradas ou comunicadas se declarará previa audiencia do interesado.

4.- A declaración de caducidade extinguirá os dereitos derivados da declaración ou comunicación, non podéndose exercer a actividade, salvo traballos de seguridade e mantemento dos cales se dará conta ao Concello para o seu control.

Artigo 21.- Revisión de oficio das actuacións declaradas ou comunicadas

1.- O exercicio dos dereitos derivados das declaracións responsables ou comunicacións previas contrarios ao ordenamento xurídico poderán ser revisados a través dalgún dos procedementos de revisión de oficio contemplados nos artigos 102 e 103 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2.- O inicio do prazo para o exercicio destas facultades se computará desde o día en que se houbera presentado no Rexistro do Concello a declaración responsable ou a comunicación previa ou, se fose o caso, calquera outra modificación presentada posteriormente.

Artigo 22.- Exercicio de actividades sometidas ao réxime de comunicación previa.

1.- Por este procedemento de comunicación previa se tramitará o exercicio de aquelas actividades que, sen estar contempladas nos supostos de licenza ou declaración responsable, cumpran os usos urbanísticos establecidos para a zona e teñan unha reducida repercusión medioambiental e escasa entidade técnica que non esixa un control previo para determinar a súa adecuación á normativa aplicable.

2.- En concreto están suxeitas a este réxime as actividades inocuas e para a implantación de meros usos sempre que non dispoñan no seu interior de instalacións ou aparatos que por sí mesmos poidan ser constitutivos dunha actividade clasificada.

3.- A enumeración de actividades que se fai a continuación é a título meramente enunciativo:

Comerciais:

- a) Comercio polo miúdo de alimentos (excepto carnizarías e charcuterías, elaboración, envasado, almacenaxe e venda de comidas preparadas directamente ao consumidor final), bebidas e tabaco en establecementos especializados.
- b) Comercio polo miúdo de artigos de beleza e hixiene.
- c) Comercio polo miúdo de téxtiles, pezas de vestir, calzado e artigos de coiro.
- d) Comercio polo miúdo de mobles, aparatos de iluminación e outros artigos para o fogar.

- e) Comercio polo miúdo de electrodomésticos, aparatos de radio, televisión e son.
- f) Comercio polo miúdo de ferraxaría, vidro, pinturas e materiais de bricolaxe.
- g) Comercio polo miúdo de materiais de construción, e material de saneamento.
- h) Comercio polo miúdo de libros, periódicos e papelería.
- i) Comercio polo miúdo de óptica, fotografía e precisión.
- j) Comercio polo miúdo de artigos de relojería, xoiería e pratería.
- k) Comercio polo miúdo de xoguetes e artigos de deporte.
- l) Comercio polo miúdo de artigos de droguería, papeis pintados e revestimentos de solos.
- ll) Comercio polo miúdo de sementes, flores, plantas e animais de compañía.
- m) Galerías de arte comerciais.
- n) Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados ou non especializados.
- ñ) Comercio polo miúdo de bens de segunda man e anticuarios.
- o) Industriais sempre que a potencia mecánica instalada non supere os 15 Kw. e a súa superficie non supere os 400 m²:
 - Talleres de confección, xastraría, peletería e similares.
 - Talleres auxiliares de construción, tales como carpintería, albanelería, escaiolista, cristalería, electricidade, fontanería, calefacción e aire acondicionado.
 - Talleres de encadernación e afíns.
 - Talleres de relojería, ourivaría, óptica, ortopedia, e outros afíns aos anteriormente indicados.
 - Reparación de efectos persoais e aparellos domésticos, sempre que a potencia mecánica instalada non supere 15 Kw. e a superficie non supere 500 m².
- p) Almacéns:
 - Actividades de almacenamento de equipos e produtos agrícolas, sempre que non contengan sistemas de refrixeración e/ou sistemas forzados de ventilación, que como máximo conteñan 2.000 litros de gasóleo ou outros combustibles.
 - Actividades de almacenamento de obxectos e materiais, sempre que a súa superficie sexa inferior a 500 m², excepto as de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou pneumáticos.
- q) Outras actividades:
 - Centros e academias de ensinanza, excepto salas de baile, música e canto.
 - Despachos profesionais (avogados, arquitectos, xestorías, oficinas e similares).
 - Barberías, saunas, institutos de beleza e similares (salvo que dispoñan de instalacións de raios UVA ou similares).

- Garaxes para estacionamento de ata dous vehículos
- Colocación de carteis ou rótulos visibles desde a vía pública.
- Clínicas veterinarias (neste suposto deberá achegarse a previa comunicación á Consellería competente en materia de benestar animal).
- Plantas de tratamento de augas residuais para poboacións inferiores a 2.000 habitantes equivalentes.

r) As transmisións ou cambios de titularidade de actividades con licenza, declaración responsable ou comunicación previa en vigor, dentro do mesmo uso, categoría e clase, sempre que cumprindo os requisitos do Art. 7 desta ordenanza, concorran a totalidade das seguintes condicións:

- Que no haxa ampliación ou modificación de instalacións ou da actividade que requiran a aplicación de novas medidas correctoras.
- Que a ocupación teórica previsible do local non aumente ou non se alteren as condicións de evacuación e seguridade contempladas na licenza, declaración responsable ou comunicación previa en vigor.
- Si se pretendera executar obras no inmovible, ademais do cambio de titularidade, se requirirá que se presente a correspondente licenza, declaración responsable ou comunicación previa

Artigo 23.- Control municipal sobre as actividades suxeitas a declaración responsable ou comunicación previa

1.- O Concello conserva tódalas súas funcións de control sobre as actividades suxeitas a declaración responsable ou comunicación previa, tanto antes como despois de notificadas ao Concello ou implantadas

2.- O control efectuarase adecuando as actividades ao cumprimento da protección da legalidade urbanística e/ou medioambiental que resulte de aplicación.

O exercicio de actividades sen que o interesado houbera presentado a correspondente declaración responsable ou comunicación previa se asimila ao exercicio de actividades sen licenza.

ANEXO I

